

PLAN DE CONTINXENCIA CEIP XUNQUEIRA 1



CURSO 2021/2022

1. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN ABROCHO.....	2
2. ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.....	4
3. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL.....	14

O Plan de Continxencia do CEIP Xunqueira 1 ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nunha aula ou etapa educativa.

Este plan elaborouse seguindo as Resolución do 10 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación profesional, pola que se ditan instrucións para a adopción de medidas organizativas nos centros educativos como consecuencia da pandemia da COVID-19-

O Plan de Continxencia pasará a formar parte das NOFC do noso colexio.

1. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ N DUN ABROCHO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con Covid-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de Covid-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa diagnosticada de Covid-19.
2. Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con Covid-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:
 - Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.
 - A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:
 - máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
 - de forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houbese dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.

Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo.

O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

3. No caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/ A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
4. No suposto da aparición dun caso, nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na Covid-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCovid, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.
5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.
6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid-19 seguiranse as recomendacións da CSC e, no caso de gromos, da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.
7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo Covid do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.
 10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo, na resolución que se dite aos efectos do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021- 2022 así como para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021- 2022 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19, relativas ao ensino a distancia
- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no Protocolo e Plan de Adaptación do centro relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

2. ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.

- a) O mesmo día do peche o dirección do centro enviará unha comunicación a través de Abalar Móbil e publicará unha nova na páxina web do Centro.

O profesorado ten habilitado na aula virtual/Edixgal os seus cursos e comezará a traballar con eles nas primeiras semanas de curso.

Na reunión de inicio de curso o profesorado informou ás familias sobre o funcionamento da aula virtual/Edixgal e da importancia de descargar Abalar Móbil.

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado utilizando os servizos dixitais corporativos a través da **aula virtual** de cada grupo e **Cisco Webex/BigBluebutton** para as videoconferencias.

O **horario lectivo do período non presencial** do alumnado de 3º a 6º será un horario “espello” do horario presencial.

Os primeiros 30 minutos da sesión serán de explicación e corrección de tarefas (videoconferencia) e os outros 20 minutos serán para a realización de tarefas individuais.

As salas das conferencias abriranse 10 minutos antes do inicio de cada sesión para que o alumnado poida conectarse e estar presente no momento de comezar a videoconferencia.

Respectarase o tempo do recreo.

No anexo 2 poden verse os horarios “espello” dos diferentes cursos.

Estes horarios serán aprobados provisionalmente pola dirección do Centro e comunicados ao profesorado e ao alumnado.

As familias serán informadas polo titor/a, esta información tamén estará publicada na web do centro e en Abalar móbil.

A asistencia á actividade lectiva non presencial é obrigatoria, as faltas quedarán recollidas no XADE.

Deberán de cumprirse as normas de convivencia recollidas nas NOFC.

Modo de traballo nos diferentes ciclos e niveis.

O profesorado poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma. As tarefas serán o máis parecidas posibles ás realizadas na educación presencial.

Ao finalizar cada semana a xefatura de estudos requirirá ao profesorado unha relación das actividades realizadas no horario “espello”.

Traballo do alumnado de Educación infantil.

O Equipo de Educación Infantil, entende que é un gran desafío programar clases online para nenos/as tan pequenos sabendo que precisan da axuda dun adulto para realizar as tarefas escolares, pero a situación de pandemia que estamos a vivir, fai que teñamos que contemplar esta opción.

Así que aínda que terán unhas pautas comúns en tódalas aulas de Infantil, será a realidade do día a día da titora, a que marque o ritmo de traballo, polo que o horario será flexible pero mantendo, na medida do posible, as rutinas existentes.

Para manter a motivación do alumnado e poder seguir coa Programación, planificaranse actividades con contidos acorde ao nivel do alumnado, atendendo sempre as súas necesidades e intereses.

Cada titora deseñará un plan semanal ou diario, segundo a idade do seu alumnado, que será subido á Aula Virtual e tamén enviado as familias por correo electrónico, sendo esta mesma a canle para dúbidas ou aclaracións:

4° de Educación Infantil	mcovela@edu.xunta.gal
5° de Educación Infantil	durantenorio@edu.xunta.gal
6° A de Educación Infantil	mcarral@edu.xunta.gal
Apoio Infantil	mayrafs@edu.xunta.gal

Empregarase a web do centro para subir vídeos, imaxes das actividades que realiza o alumnado, ou de propostas comúns para traballar dende a casa, como sería no caso das especialidades de Psicomotricidade, Animación á Lectura, lóxica matemática, inglés e Informática que imparten as especialistas en Inglés Educación Física e a mestra de apoio en tódalas aulas.

As tarefas enviaranse ao final da semana, sendo o venres o día escollido para realizar unha videoconferencia co alumnado a través da Plataforma Cisco Webex. Estas videoconferencias serán en gran grupo ou en pequenos grupo dependendo do número de alumnos/as ou das necesidades da titora. Comezarase cunha á semana e despois as titoras irán valorando a súa necesidade e frecuencia.

Somos conscientes de que as circunstancias sociais actuais poden afectar ao alumnado, polo que debemos traballar esa parte emocional tanto dende a escola como dende a casa, para que sigan aprendendo e crecendo felices, desafiando calquera limitación ou dificultade que se puidese dar, para que TODOS/AS os/as nenos/as poidan recibir unha educación de calidade.

En caso de confinamento ou de que se confine unha aula, as familias recibirán un mail coa instrucións a seguir.

Traballo do alumnado de 1º

- O derradeiro día de clase enviaranse para a casa de cada alumno/a as fotocopias do traballo impreso a realizar (as mesmas que se farían no caso de que o ensino fose presencial), así coma os caderniños de matemáticas, o libro de lingua castelá e o libro de lecturas.
- Cada mañá indicaranse na aula virtual/abalar as actividades a realizar nesa xornada.
- Proporanse así mesmo actividades interactivas de descarga libre e vídeos relacionados cos temas a traballar (contos, cancións, explicacións, documentais...)
- As titoras estarán durante o horario lectivo pendentes de guiar e orientar ao alumnado a través da mensaxería da aula virtual/abalar.
- Para a avaliación do traballo diario solicitarán fotografías conforme se realizaron as tarefas sinaladas, que serán enviadas á aula virtual ou ao correo electrónico edu.xunta.gal do profesorado.

Traballo do alumnado de 2º

O alumnado de 2º vai intentar traballar co horario “espello”, utilizará a aula virtual. O profesorado adaptará a duración das videoconferencias ao tempo de atención do alumnado. Se despois dun tempo os titores observan que non é operativo modificarán o modo de traballo.

Alumnado de 3º a 4º

O alumnado de 3º a 4º utilizará a Aula Virtual do Centro.

Modo de traballo do profesorado:

- O profesorado realizará periodicamente simulacións que permitan ter establecidos os protocolos de actuación no caso de peche.
- Subirá vídeos explicativos ou un pequeno texto explicando o traballo a realizar.
- Se temos acceso ao libro dixital poderá propoñer actividades das diferentes editoriais.
- Proporá actividades como realización de traballos escritos, presentacións, vídeos adaptadas ao nivel do alumnado.
- Creará cuestionarios sobre os temas traballados.
- Utilizará actividades de reforzo do repositorio Abalar e outros repositorios.
- Utilizar vídeos relacionados cos temas a traballar (documentais, cancións, titoriais...)

No caso de pasar a unha educación non presencial:

- Utilizábase Cisco webex e/ou a actividade BigBlueButtonBN da Aula Virtual para as videoconferencias.

- Cada mañá se porán en aberto as actividades a realizar.
- Estará aberto o foro e a mensaxería para solucionar as dúbidas.
- Unha vez que o alumnado realice a tarefa a enviará nunha foto. As tarefas realizadas co procesador de texto ou as presentacións enviaranse no formato que indique o profesorado.
- O profesorado devolverá a tarefa corrixida coas anotacións que estime oportuno, ou recomendando un novo envío da tarefa.
- Utilizarase o calendario para marcar as entregas de traballos de investigación.

Alumnado de 5º e 6º.

O alumnado de 5º e 6º traballará co EVA offline e os equipos Edixgal.

Modo de traballo do profesorado:

- O profesorado realizará periodicamente simulacións que permitan ter establecidos os protocolos de actuación no caso de peche.
- O profesorado porá en aberto o tema a traballar.
- Marcará as actividades a realizar das diferentes editoriais.
- Proporá actividades como realización de traballos escritos, presentacións, vídeos...
- Creará cuestionarios sobre os temas traballados para que os realice o alumnado.
- Utilizará actividades de reforzo do repositorio Abalar e outros repositorios.
- Utilizará vídeos relacionados cos temas a traballar (documentais, cancións, titoriais...)
- Utilizará o editor de imaxes e o editor de partituras.
- Todo o alumnado E-Dixgal levará o equipo á casa.

No caso de pasar a unha educación non presencial continuaremos o método de traballo do curso pasado.

- O alumnado descargará os temas en offline antes de iniciar a educación non presencial.
- Cada mañá se porán en aberto as actividades a realizar.
- Estará aberto o foro e a mensaxería para solucionar as dúbidas.
- Unha vez que o alumnado realice a tarefa de texto a enviará no formato que indique o profesorado para a súa corrección.
- O profesorado devolverá a tarefa corrixida coas anotacións que estime oportuno, ou recomendando un novo envío da tarefa.
- Utilizarase o calendario para marcar as entregas de traballos de investigación.

Outros posibles medios a utilizar.

▪ **Agueiro:**

O noso Centro está dado de alta en Agueiro desde xullo. Esta plataforma combina as funcionalidades de rede social educativa, portafolio dixital educativo e espazo persoal de almacenamento na nube.

O profesorado accederá coa súa conta de correo corporativa e o alumnado co seu nome apelido e o código do centro (esta conta serve unicamente para identificar e relacionar a cada alumno co centro educativo, non funciona como conta de correo electrónico do alumno)

A coordinadora TIC é a administradora e dará de alta ao alumnado do profesorado que o solicite.

Pode ser unha ferramenta moi útil para o traballo cooperativo e envío de tarefas con moito peso.

Formación das familias:







Dentro da Aula Virtual e tamén en Edixgal ,creouse o curso “Manuais para as familias” para que as familias poidan consultar os diferentes manuais sobre o funcionamento de Abalar Móbil, Aula Virtual/Edixgal e Videoconferencias. Para acceder a estes cursos desde a Aula Virtual non é preciso contrasinal.

Estes manuais iranse actualizando cando sexa necesario.

Categorías de cursos: MANUAIS PARA AS FAMILIAS

Información sobre o funcionamento da AbalarMóbil, Aula Virtual e videoconferencias.

Buscar cursos:

-  **MANUAIS ABALAR MÓBIL** 
Información Abalar Móbil
-  **MANUAIS AULA VIRTUAL** 
-  **MANUAL VIDEO CONFERENCIA** 

 Foro de novas

TAREFAS NA AULA VIRTUAL.

 Subir tarefa

 Tarefas en liña

Documentación creada por Loreto Brea para o curso de formación na Aula Virtual


 Eliminar un ficheiro dunha tarefa

Documentación creada por Loreto Brea para o curso de formación na Aula Virtual

 Ver a nota dunha tarefa

Documentación creada por Loreto Brea para o curso de formación na Aula Virtual

Descargar un ficheiro

 Descargar un ficheiro

Documentación creada por Loreto Brea para o curso de formación na Aula Virtual

TRABALLAR NUN PDF UTILIZANDO XOURNAL

 Traballar nun PDF

PARTICIPAR NUN FORO

 Escribir nun foro

Documentación creada por Loreto Brea para o curso de formación na Aula Virtual

Comunicación co alumnado e as familias durante a actividade lectiva non presencial.

Alumnado de Infantil e 1º.

Ademais do correo electrónico electrónico corporativo (edu.xunta.gal) empregaremos abalarMóbil por onde se mandarán todos os avisos do centro escolar.

Os venres realizarase unha videoconferencia co alumnado de Infantil a través da Plataforma Cisco Webex ou BigBlueButtonBN da Aula Virtual.

Alumnado de Primaria (de 2º ata 4º).

- Utilizarase Cisco webex ou BigBlueButtonBN da Aula Virtual para as videoconferencias.
Explicarase na aula como acceder. Non se poden facer probas no centro xa que os equipos Abalar que temos teñen 10 anos de antiguidade e non soportan o vídeo e o son.
Enviarase un Abalar Móbil ás familias recordando que consulten na aula virtual como deben conectarse.
Para estar preparados en caso de confinamento realizaranse no primeiro mes de curso, pola tarde, reunións de proba entre os titores/especialistas e o alumnado.
- Utilizarase a mensaxería da Aula Virtual e os foros para a comunicación co alumnado e a solución de dúbidas.
- As tarefas realizadas, unha vez corrixidas, serán devoltas ao alumnado coas anotacións pertinentes.

Alumnado Edixgal

- Utilizarase Cisco webex para as videoconferencias.
Explicarase na aula como acceder. Faranse probas cos equipos Edixgal.
Pola tarde faranse reunións de proba entre os titores/especialistas e o alumnado para comprobar o funcionamento desde os fogares.
- Utilizarase a mensaxería Edixgal e os foros para a comunicación co alumnado e a solución de dúbidas.
- As tarefas, unha vez corrixidas, serán devoltas ao alumnado coas anotacións pertinentes.

Alumnado con NEE

- A orientadora velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade e coordinará a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais por parte do profesorado de PT, AL e a intérprete en lingua de signos. Continuarase coa atención ao alumnado de NEE por parte destes especialistas, empregando, segundo o caso: Cisco Webex/ BigBlueButtonBN da Aula Virtual, a Aula Virtual, traballo impreso e/ou material manipulativo (facilitado ás familias, para o alumnado de menor idade), prestando especial atención ao alumnado con adaptación curricular e aos protocolos de atención á diversidade.
- A orientadora realizará as reunións telemáticas para o desenvolvemento e seguimento do PAT.

Profesorado

Se un profesor/a se atopa de baixa durante o confinamento o equipo docente do ciclo co apoio da coordinadora TIC/edixgal será que dispoña provisionalmente de recursos ao alumnado ata a incorporación da persoa titular ou substituta.

Formación

- Todo o profesorado realizou cursos de formación no manexo da Aula Virtual/Edixgal, videoconferencias e Abalar Móbil.

Seguimento da actividade telemática.

- O profesorado rexistrará diariamente a actividade telemática a través do documento que facilitará a Consellería e entregará dito documento á xefatura de estudos.
- O profesorado controlará a asistencia a través dos medios habituais (Xade).

b) O equipo COVID do centro ten identificado ao alumnado que ante unha situación de confinamento ou corentena no seu domicilio (ben casos aillados de alumnado, ben a totalidade do alumnado dun grupo, ou a totalidade do alumnado do centro), necesita un equipo e/ou a conexión a Internet, para poder seguir dende o seu domicilio a actividade educativa (dado que non dispón del no seu fogar, e non ten posibilidade de obtelo). O primeiro día de clase enviouse ás familias unha folla cunha enquisa para identificar a este alumnado. (Ver Anexo 1).

Pensabamos utilizar os antigos equipos Abalar que están nas aulas para ceder ao alumnado que o precisara. Estamos a utilizar estes equipos para que se familiaricen coa aula virtual pero non serven para realizar as videoconferencias debido á súa antigüidade.

A 21 de setembro de 2021 temos un total de 39 alumnos/as sen equipo e 23 alumnos/as con problemas de conexión.

Temos 12 kits (ordenador portátil acompañado dun router de conexión a Internet sen fíos) do programa “Educa en Dixital Galicia” enviados pola Consellería para ser prestados a estudantes en situación de risco de fenda social tecnolóxica e así garantir a igualdade nas condicións de acceso a Internet do alumnado galego.

- A distribución dos dispositivos debe estar articulada mediante préstamo temporal ao alumnado que, segundo o criterio do centro, estea en risco de exclusión dixital debido á falta

de medios tecnolóxicos no seu fogar ou en caso de situacións excepcionais causadas pola pandemia, co obxectivo de garantir a equidade no acceso aos procesos da educación dixital para o alumnado do centro durante o curso escolar.

- En función das súas necesidades específicas o centro poderá decidir se reparte o 100% do equipamento recibido, ou debe reservar unha porcentaxe para atender situacións sobrevindas.
- O centro debe manter un rexistro actualizado de todos os portátiles e router sen fíos do proxecto e de todos os préstamos realizados no módulo “Educa en Dixital” da aplicación Protocolos Educativos: <https://www.edu.xunta.es/protocoloseducativos/> , onde pode acceder o equipo directivo do centro.
- O préstamo ás familias e a devolución do equipamento formalizarase coa firma dos acordos de cesión e devolución que se poden imprimir dende Protocolos Educativos. Estes documentos deberán ser arquivados no centro e poderán ser requiridos pola Administración en calquera momento.
- O centro poderá solicitar a un/ha alumno/a a devolución de equipamento cando cambien as circunstancias que motivaron a necesidade do préstamo.
- O préstamo do equipamento non debera exceder o curso académico e será só para alumnado matriculado no centro. A baixa na matrícula do/a alumno/a no centro será motivo de devolución do equipamento. Todos os equipos deben de ficar almacenados no centro antes do remate de Xuño, agás que o centro considere que se dan circunstancias particulares que recomenden que a cesión do equipamento deba estenderse máis aló de dita data.
- Cada inicio de curso, o centro seleccionará o alumnado que debe ser beneficiado coa cesión dos equipos.
- Cada vulto recibido no centro contén un portátil táctil de 12 polgadas e un kit de conexión a Internet sen fíos. Este kit de conexión só permite a conexión a Internet dos equipos portátiles distribuídos neste proxecto, por tanto non ten sentido o seu préstamo se non se fai acompañado do portátil do proxecto.
- A UAC será o punto de contacto para o centro e as familias para calquera dúbida, notificación, comunicación ou resolución de incidencias sobre o proxecto ou sobre o equipamento.

- c) Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
- d) Durante o período de suspensión da actividade presencial o Centro educativo ten previstas as seguintes medidas:
- Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia con Abalar Móbil, correo electrónico, mensaxería E-dixgal, mensaxería da aula virtual ou vídeoconferencia. Empregaranse soamente medios corporativos da Consellería para cumprir a Lei de Protección de Datos vixente e garantir a unificación a nivel de centro.
 - Actualizar a Aula Virtual dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.
 - Realizar tarefas de desinfección profundas no centro a través da empresa de limpeza dependente do Concello.
 - Revisar o protocolo para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.
 - Coordinar co profesorado implicado as quendas de organización das fases.

3. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL.

Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

ANEXO

ENQUISA SOBRE EQUIPAMENTO INFORMÁTICO NOS FOGARES

De cara a este novo curso precisamos saber a dispoñibilidade que tendes nos vosos fogares para que os vosos fillos/as poidan traballar con ordenador ou tableta por se se dera de novo a situación do curso pasado intentar solucionala.

Nome do pai/nai/ titor legal

Alumno:..... Curso:.....

- Teño ordenador que pode utilizar o meu fillo/a.
- Teño ordenador pero teletraballo e non o pode utilizar o meu fillo/a.
- Teño tableta.
- Non teño ordenador.
- Non teño tableta.

Tamén precisamos sabe se tendes conexión a Internet.

- Teño conexión
- Non teño conexión.

Moitas grazas.

Pontevedra 9 setembro 2021

ANEXO II

**HORARIOS
ESPELLO**

HORARIO ESPELLO 2ºA

Durante toda a semana esta será a planificación en todas as materias:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 - 09:50 Cienc.Soc - A -	09:00 - 09:50 LCL - A -	09:00 - 09:50 LCL - A -	09:00 - 09:50 Mat - A -	09:00 - 09:50 Mat - A -
09:50 - 10:40 LCL - A -	09:50 - 10:40 Mat - A -	09:50 - 10:40 LGeL - A -	09:50 - 10:40 EF - A -	09:50 - 10:40 LGeL - A -
10:40 - 11:30 Mat - A -	10:40 - 11:30 ReCa - A -	10:40 - 11:30 Cienc.Soc - A -	10:40 - 11:30 Ingl - A -	10:40 - 11:30 ReCa - A -
12:00 - 13:10 Mus - A -	Val.So.Civ - A -	12:00 - 13:10 Mat - A -	12:00 - 13:10 LCL - A -	Val.So.Civ - A -
13:10 - 14:00 LGeL - A -	12:00 - 13:10 EF - A -	13:10 - 14:00 Cienc.Nat. - A -	13:10 - 14:00 LGeL - A -	12:00 - 13:10 Cienc.Nat. - A -
	13:10 - 14:00 Ingl - A -			13:10 - 14:00 Plast - A -

09:00 A 9:30 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

09:30 a 09:50 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

09:50 a 10:20 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

10:20 a 10:40 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

10:40 a 11:10 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

11:10 a 11:30 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

11:30 a 12:00 - RECREO.

12:00 a 12:20 - HORA DE LER (lectura do libro proposto polo titor/a, traballo en fichas comprensión lectora, resumos...)

12:20 a 12:50 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

12:50 a 13:10 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

13: 10 a 13:40 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

13:40 a 14:00 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

*** No caso de haber alumnado que asista a PT ou AL poderán modificarse os horarios para que estas horas coincidan coas sesións de Lingua ou matemáticas. Respectando o número de sesións de cada unha materias.**

HORARIO ESPELLO 2ºB

Durante toda a semana esta será a planificación en todas as materias:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 - 09:50 Mat - B -	09:00 - 09:50 Mat - B -	09:00 - 09:50 ReCa - B -	09:00 - 09:50 Mat - B -	09:00 - 09:50 Mus - B -
09:50 - 10:40 LCL - B -	09:50 - 10:40 Ingl - B -	Val.So.Civ - B -	09:50 - 10:40 ReCa - B -	09:50 - 10:40 Mat - B -
10:40 - 11:30 LGeL - B -	10:40 - 11:30 LCL - B -	09:50 - 10:40 Mat - B -	Val.So.Civ - B -	10:40 - 11:30 LCL - B -
12:00 - 13:10 Cienc.Soc - B -	12:00 - 13:10 LGeL - B -	10:40 - 11:30 Ingl - B -	10:40 - 11:30 EF - B -	12:00 - 13:10 LGeL - B -
13:10 - 14:00 Plast - B -	13:10 - 14:00 EF - B -	12:00 - 13:10 LGeL - B -	12:00 - 13:10 LCL - B -	13:10 - 14:00 Cienc.Nat. - B -
		13:10 - 14:00 Cienc.Nat. - B -	13:10 - 14:00 Cienc.Soc - B -	

09:00 A 9:30 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

09:30 a 09:50 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

09:50 a 10:20 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

10:20 a 10:40 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

10:40 a 11:10 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

11:10 a 11:30 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

11:30 a 12:00 - RECREO.

12:00 a 12:20 - HORA DE LER (lectura do libro proposto polo titor/a, traballo en fichas comprensión lectora, resumos...)

12:20 a 12:50 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

12:50 a 13:10 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

13: 10 a 13:40 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

13:40 a 14:00 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

*** No caso de haber alumnado que asista a PT ou AL poderán modificarse os horarios para que estas horas coincidan coas sesións de Lingua ou matemáticas. Respectando o número de sesións de cada unha materias.**

HORARIO ESPELLO 3ºA

Durante toda a semana esta será a planificación en todas as materias:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 - 09:50 EF - A -	09:00 - 09:50 Mat - A -	09:00 - 09:50 Ingl - A -	09:00 - 09:50 Plast - A -	09:00 - 09:50 Mat - A -
09:50 - 10:40 LCL - A -	09:50 - 10:40 Mat - A -	09:50 - 10:40 LCL - A -	09:50 - 10:40 Mus - A -	09:50 - 10:40 Mat - A -
10:40 - 11:30 LCL - A -	10:40 - 11:30 Cienc.Nat. - A -	10:40 - 11:30 LCL - A -	10:40 - 11:30 Cienc.Soc - A -	10:40 - 11:30 Ingl - A -
12:00 - 13:10 Ingl - A -	12:00 - 13:10 LGeL - A -	12:00 - 13:10 ReCa - A -	12:00 - 13:10 LGeL - A -	12:00 - 13:10 Cienc.Nat. - A -
13:10 - 14:00 Cienc.Soc - A -	13:10 - 14:00 LGeL - A -	Val.So.Civ - A -	13:10 - 14:00 LGeL - A -	13:10 - 14:00 Cienc.Soc - A -
		13:10 - 14:00 EF - A -		

09:00 A 9:30 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

09:30 a 09:50 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

09:50 a 10:20 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

10:20 a 10:40 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

10:40 a 11:10 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

11:10 a 11:30 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

11:30 a 12:00 - RECREO.

12:00 a 12:20 - HORA DE LER (lectura do libro proposto polo titor/a, traballo en fichas comprensión lectora, resumos...)

12:20 a 12:50 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

12:50 a 13:10 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

13: 10 a 13:40 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

13:40 a 14:00 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

*** No caso de haber alumnado que asista a PT ou AL poderán modificarse os horarios para que estas horas coincidan coas sesións de Lingua ou matemáticas. Respectando o número de sesións de cada unha materias.**

HORARIO ESPELLO 3ºB

Durante toda a semana esta será a planificación en todas as materias:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 - 09:50 Mat - B -	09:00 - 09:50 Mat - B -	09:00 - 09:50 LCL - B -	09:00 - 09:50 Mat - B -	09:00 - 09:50 LGeL - B -
09:50 - 10:40 EF - B -	09:50 - 10:40 LGeL - B -	09:50 - 10:40 LGeL - B -	09:50 - 10:40 Ingl - B -	09:50 - 10:40 ReCa - B -
10:40 - 11:30 LCL - B -	10:40 - 11:30 Cienc.Soc - B -	10:40 - 11:30 Cienc.Soc - B -	10:40 - 11:30 LCL - B -	Val.So.Civ - B -
12:00 - 13:10 Cienc.Nat. - B -	12:00 - 13:10 Plast - B -	12:00 - 13:10 EF - B -	12:00 - 13:10 LGeL - B -	10:40 - 11:30 Mat - B -
13:10 - 14:00 Ingl - B -	13:10 - 14:00 Mus - B -	13:10 - 14:00 Ingl - B -	13:10 - 14:00 Cienc.Soc - B -	12:00 - 13:10 LCL - B -
				13:10 - 14:00 Cienc.Nat. - B -

09:00 A 9:30 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

09:30 a 09:50 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

09:50 a 10:20 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

10:20 a 10:40 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

10:40 a 11:10 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

11:10 a 11:30 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

11:30 a 12:00 - RECREO.

12:00 a 12:20 - HORA DE LER (lectura do libro proposto polo titor/a, traballo en fichas comprensión lectora, resumos...)

12:20 a 12:50 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

12:50 a 13:10 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

13: 10 a 13:40 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

13:40 a 14:00 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

*** No caso de haber alumnado que asista a PT ou AL poderán modificarse os horarios para que estas horas coincidan coas sesións de Lingua ou matemáticas. Respectando o número de sesións de cada unha materias.**

HORARIO ESPELLO 4ºA

Durante toda a semana esta será a planificación en todas as materias:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 - 09:50 ReCa - A -	09:00 - 09:50 Cienc.Nat. - A -	09:00 - 09:50 LGeL - A -	09:00 - 09:50 Ingl - A -	09:00 - 09:50 LCL - A -
Val.So.Civ - A -	09:50 - 10:40 LCL - A -	09:50 - 10:40 Cienc.Soc - A -	09:50 - 10:40 Cienc.Nat. - A -	09:50 - 10:40 Mat - A -
09:50 - 10:40 Ingl - A -	10:40 - 11:30 Ingl - A -	10:40 - 11:30 LCL - A -	10:40 - 11:30 LGeL - A -	10:40 - 11:30 Cienc.Soc - A -
10:40 - 11:30 EF - A -	12:00 - 13:10 LGeL - A -	12:00 - 13:10 Mat - A -	12:00 - 13:10 Mat - A -	12:00 - 13:10 Mus - A -
12:00 - 13:10 LGeL - A -	13:10 - 14:00 Mat - A -	13:10 - 14:00 Mat - A -	13:10 - 14:00 EF - A -	13:10 - 14:00 Plast - A -
13:10 - 14:00 LCL - A -				

09:00 A 9:30 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

09:30 a 09:50 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

09:50 a 10:20 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

10:20 a 10:40 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

10:40 a 11:10 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

11:10 a 11:30 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

11:30 a 12:00 - RECREO.

12:00 a 12:20 - HORA DE LER (lectura do libro proposto polo titor/a, traballo en fichas comprensión lectora, resumos...)

12:20 a 12:50 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

12:50 a 13:10 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

13:10 a 13:40 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

13:40 a 14:00 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

*** No caso de haber alumnado que asista a PT ou AL poderán modificarse os horarios para que estas horas coincidan coas sesións de Lingua ou matemáticas. Respectando o número de sesións de cada unha materias.**

HORARIO ESPELLO 4ºB

Durante toda a semana esta será a planificación en todas as materias:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 - 09:50 LCL - B -	09:00 - 09:50 Cienc.Soc - B -	09:00 - 09:50 LCL - B -	09:00 - 09:50 Mat - B -	09:00 - 09:50 Ingl - B -
09:50 - 10:40 LGeL - B -	09:50 - 10:40 LGeL - B -	09:50 - 10:40 Cienc.Nat. - B -	09:50 - 10:40 LGeL - B -	09:50 - 10:40 Mat - B -
10:40 - 11:30 Ingl - B -	10:40 - 11:30 Cienc.Nat. - B -	10:40 - 11:30 ReCa - B -	10:40 - 11:30 Cienc.Soc - B -	10:40 - 11:30 LGeL - B -
12:00 - 13:10 EF - B -	12:00 - 13:10 LCL - B -	12:00 - 13:10 Val.So.Civ - B -	12:00 - 13:10 EF - B -	12:00 - 13:10 LCL - B -
13:10 - 14:00 Mat - B -	13:10 - 14:00 Mat - B -	13:10 - 14:00 Mus - B -	13:10 - 14:00 Ingl - B -	13:10 - 14:00 Mat - B -
		13:10 - 14:00 Plast - B -		

09:00 A 9:30 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

09:30 a 09:50 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

09:50 a 10:20 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

10:20 a 10:40 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

10:40 a 11:10 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

11:10 a 11:30 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

11:30 a 12:00 - RECREO.

12:00 a 12:20 - HORA DE LER (lectura do libro proposto polo titor/a, traballo en fichas comprensión lectora, resumos...)

12:20 a 12:50 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

12:50 a 13:10 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

13: 10 a 13:40 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

13:40 a 14:00 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

*** No caso de haber alumnado que asista a PT ou AL poderán modificarse os horarios para que estas horas coincidan coas sesións de Lingua ou matemáticas. Respectando o número de sesións de cada unha materias.**

HORARIO ESPELLO 5ºA

Durante toda a semana esta será a planificación en todas as materias:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 - 09:50 Mat - A -	09:00 - 09:50 Mat - A -	09:00 - 09:50 LCL - A -	09:00 - 09:50 LGeL - A -	09:00 - 09:50 LGeL - A -
09:50 - 10:40 Ingl - A -	09:50 - 10:40 ReCa - A -	09:50 - 10:40 Ingl - A -	09:50 - 10:40 Mat - A -	09:50 - 10:40 Mus - A -
10:40 - 11:30 EF - A -	Val.So.Civ - A -	10:40 - 11:30 LGeL - A -	10:40 - 11:30 Mat - A -	10:40 - 11:30 Plast - A -
12:00 - 13:10 Mat - A -	10:40 - 11:30 LCL - A -	12:00 - 13:10 Cienc.Soc - A -	12:00 - 13:10 EF - A -	12:00 - 13:10 Cienc.Nat. - A -
13:10 - 14:00 LCL - A -	12:00 - 13:10 LGeL - A -	13:10 - 14:00 Cienc.Soc - A -	13:10 - 14:00 LCL - A -	13:10 - 14:00 Cienc.Nat. - A -
	13:10 - 14:00 Ingl - A -			

09:00 A 9:30 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

09:30 a 09:50 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

09:50 a 10:20 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

10:20 a 10:40 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

10:40 a 11:10 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

11:10 a 11:30 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

11:30 a 12:00 - RECREO.

12:00 a 12:20 - HORA DE LER (lectura do libro proposto polo titor/a, traballo en fichas comprensión lectora, resumos...)

12:20 a 12:50 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

12:50 a 13:10 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

13: 10 a 13:40 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

13:40 a 14:00 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

*** No caso de haber alumnado que asista a PT ou AL poderán modificarse os horarios para que estas horas coincidan coas sesións de Lingua ou matemáticas. Respectando o número de sesións de cada unha materias.**

HORARIO ESPELLO 5ºB

Durante toda a semana esta será a planificación en todas as materias:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 - 09:50 Plast - B -	09:00 - 09:50 Ingl - B -	09:00 - 09:50 LGeL - B -	09:00 - 09:50 ReCa - B -	09:00 - 09:50 Cienc.Nat. - B -
09:50 - 10:40 Mus - B -	09:50 - 10:40 LCL - B -	09:50 - 10:40 Mat - B -	09:50 - 10:40 Val.So.Civ - B -	09:50 - 10:40 LCL - B -
10:40 - 11:30 Mat - B -	10:40 - 11:30 Mat - B -	10:40 - 11:30 LCL - B -	10:40 - 11:30 Ingl - B -	10:40 - 11:30 Mat - B -
12:00 - 13:10 EF - B -	12:00 - 13:10 LGeL - B -	12:00 - 13:10 Cienc.Nat. - B -	12:00 - 13:10 Mat - B -	12:00 - 13:10 Cienc.Soc - B -
13:10 - 14:00 LGeL - B -	13:10 - 14:00 Cienc.Soc - B -	13:10 - 14:00 Ingl - B -	13:10 - 14:00 LCL - B -	13:10 - 14:00 LGeL - B -
			13:10 - 14:00 EF - B -	

09:00 A 9:30 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

09:30 a 09:50 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

09:50 a 10:20 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

10:20 a 10:40 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

10:40 a 11:10 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

11:10 a 11:30 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

11:30 a 12:00 - RECREO.

12:00 a 12:20 - HORA DE LER (lectura do libro proposto polo titor/a, traballo en fichas comprensión lectora, resumos...)

12:20 a 12:50 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

12:50 a 13:10 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

13: 10 a 13:40 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

13:40 a 14:00 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

*** No caso de haber alumnado que asista a PT ou AL poderán modificarse os horarios para que estas horas coincidan coas sesións de Lingua ou matemáticas. Respectando o número de sesións de cada unha materias**

HORARIO ESPELLO 6ºA

Durante toda a semana esta será a planificación en todas as materias:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 - 09:50 Mat - A -	09:00 - 09:50 Mat - A -	09:00 - 09:50 Mat - A -	09:00 - 09:50 Mat - A -	09:00 - 09:50 Mat - A -
09:50 - 10:40 LGeL - A -	09:50 - 10:40 LGeL - A -	09:50 - 10:40 Mus - A -	09:50 - 10:40 Cienc.Soc - A -	09:50 - 10:40 EF - A -
10:40 - 11:30 Cienc.Nat. - A -	10:40 - 11:30 Cienc.Soc - A -	10:40 - 11:30 Plast - A -	10:40 - 11:30 Cienc.Nat. - A -	10:40 - 11:30 LGeL - A -
12:00 - 13:10 LCL - A -	12:00 - 13:10 LCL - A -	12:00 - 13:10 Ingl - A -	12:00 - 13:10 LCL - A -	12:00 - 13:10 Ingl - A -
13:10 - 14:00 ReCa - A -	13:10 - 14:00 Mat - A -	13:10 - 14:00 EF - A -	13:10 - 14:00 Ingl - A -	13:10 - 14:00 Cienc.Soc - A -
Val.So.Civ - A -				

09:00 A 9:30 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

09:30 a 09:50 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

09:50 a 10:20 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

10:20 a 10:40 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

10:40 a 11:10 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

11:10 a 11:30 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

11:30 a 12:00 - RECREO.

12:00 a 12:20 - HORA DE LER (lectura do libro proposto polo titor/a, traballo en fichas comprensión lectora, resumos...)

12:20 a 12:50 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

12:50 a 13:10 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

13: 10 a 13:40 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

13:40 a 14:00 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

*** No caso de haber alumnado que asista a PT ou AL poderán modificarse os horarios para que estas horas coincidan coas sesións de Lingua ou matemáticas. Respectando o número de sesións de cada unha materias.**

HORARIO ESPELLO 6ºB

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 - 09:50 LCL - B -	09:00 - 09:50 Mat - B -	09:00 - 09:50 Cienc.Nat. - B -	09:00 - 09:50 Ingl - B -	09:00 - 09:50 Ingl - B -
09:50 - 10:40 Cienc.Soc - B -	09:50 - 10:40 Mat - B -	09:50 - 10:40 ReCa - B -	09:50 - 10:40 Cienc.Soc - B -	09:50 - 10:40 LGeL - B -
10:40 - 11:30 Mat - B -	10:40 - 11:30 LCL - B -	10:40 - 11:30 Val.So.Civ - B -	10:40 - 11:30 Mus - B -	10:40 - 11:30 EF - B -
12:00 - 13:10 LGeL - B -	12:00 - 13:10 Ingl - B -	12:00 - 13:10 EF - B -	12:00 - 13:10 Plast - B -	12:00 - 13:10 LCL - B -
13:10 - 14:00 Cienc.Nat. - B -	13:10 - 14:00 LGeL - B -	13:10 - 14:00 Cienc.Soc - B -	13:10 - 14:00 Mat - B -	13:10 - 14:00 Mat - B -
		13:10 - 14:00 Mat - B -		

Durante toda a semana esta será a planificación en todas as materias:

09:00 A 9:30 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

09:30 a 09:50 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

09:50 a 10:20 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

10:20 a 10:40 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

10:40 a 11:10 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

11:10 a 11:30 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

11:30 a 12:00 - RECREO.

12:00 a 12:20 - HORA DE LER (lectura do libro proposto polo titor/a, traballo en fichas comprensión lectora, resumos...)

12:20 a 12:50 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

12:50 a 13:10 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

13: 10 a 13:40 - Videoconferencia (explicación e corrección de actividades).

13:40 a 14:00 - Traballo nas tarefas propostas e resolución de dúbidas a través da mensaxería da aula virtual ou webex.

*** No caso de haber alumnado que asista a PT ou AL poderán modificarse os horarios para que estas horas coincidan coas sesións de Lingua ou matemáticas. Respectando o número de sesións de cada unha materias.**

Horario atención alumnado AL

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	4ºB	DISLALIAS	3 ANOS	1ºA	
2ª	3 ANOS	1ºA	3ºA	4ºA	1ºA
3ª	1ºB	3ºA	1ºB	1ºB	1ºB
R E C R E O					
4ª	5 ANOS	4ºA	5 ANOS	3ºA	3ºA
5º	3ºA	4ºB	DISLALIAS	DEP OR	DISLALIAS

Horario atención alumnado PT

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	1ºB	3ºA	4ºA	1ºB	1ºB
2ª	1ºA	4ºB	4ºB	1ºA	3ºA
3ª	2ºA	2ºB	1ºA	3ºA	2ºB
R E C R E O					
4ª	3ºB	4ºB	2ºA	3ºB	4ºB
5º	4ºA		1ºB	DEP OR	4ºB

* Estes horarios poden ser modificados en función das necesidades do alumnado.